

Nota de prensa
do SLG

05-03-2009

O SLG chama á unidade de acción para a defensa dos prezos no sector lácteo

O Sindicato Labrego Galego vén de denunciar en rolda de prensa na mañá de hoxe en Santiago de Compostela a **insostíbel situación de prezos**, con baixadas todos os meses e que en absoluto chegan tan sequera a cubrir custos de produción, que están sufrer as gandeiras e gandeiros de leite do noso país.

O SLG salienta a **falsedade da afirmación da industria ao alegar que “sobra moito leite”**, para deste xeito xustificar o abandono dalgúns dos recorridos de recollida, cando o Estado somentes produce dous terzos do total de leite consumido, sendo a única razón de que "sobre" leite os movementos especulativos da industria.

Como vimos de denunciar recentemente, **séguese a utilizar os contratos para amarrar ás explotacións**, “pontear” entidades asociativas e, en definitiva, redundar na baixada de prezos.

Perante desta situación, moi grave, padecida nas explotacións da Galiza, o Sindicato Labrego Galego fai un **chamamento público ao conxunto do sector** (organizacións agrarias, cooperativas, grupos de gandeiros/as, etc) **para articular de xeito consensuado as accións a desenvolver para rematar con esta situación imposta pola industria e as empresas de distribución.**

O SLG quere trasladar tamén á opinión pública que **o establecemento de prezos mínimos que cubran custos de produción foi un tema aprobado nos Parlamentos galego e español, instando ao Goberno central á elaboración de normativas que garantan o medio de vida para as explotacións por esta vía.**

O Sindicato Labrego Galego espera a inmediata posta en marcha por parte do Goberno dos acordos emanados dos Parlamentos.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

- Carme Freire, Secretaria Xeral do SLG

TLF: 619 348 426

- Lupe Prado, Responsábel do Sector Lácteo no SLG*

TLF: 685 805 783

* Pregamos desculpas polo erro cometido na identificación do cargo de Lupe Prado, Responsábel do Sector Lácteo no SLG, que na convocatoria de rolda foi identificada como Coordinadora de Sectores Gandeiros, sendo este dato incorrecto.